



ASETEM



EMPRESA

O informe do CCG sobre o proxecto de Altri en Palas advirte dos riscos para a saúde e o territorio P6

COMARCA

Barazón acolle a nova edición de Encontro 17 coa calidade de vida no rural como eixo central P18

CULTURA

O Ciclo "Teatro no Camiño" regresa en outubro P21

ENTREVISTA



Carlos Louzao, Intres
Fotografía P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIX - Nº 223. Setembro 2024. Distribución gratuíta

Asetem lanza a campaña Volta ao Cole con diversos agasallos e a festa infantil

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza a nova edición da campaña Volta ao Cole con diversos agasallos, vales de compra e a tradicional festa infantil. O obxectivo desta iniciativa é promocionar as vendas de todos os artigos relacionados co regreso ás aulas nos establecementos de proximidade. Dende Asetem queren premiar á clientela dos comercios da vila. Para iso, as familias que realicen compras por valor de 60 euros ou máis terán premio. P3

VOLTA AO COLE
FESTA INFANTIL O VENRES 27 DE SETEMBRO
A PARTIR DE 60€ AGASALLO ASEGURADO
VALES DE COMPRA DE 6 E 10 EUROS A PARTIR DE 100 EUROS EN TÍCKETS

Furelos volve ao 1900 co VII Mercado de Época



A parroquia de Furelos métese na máquina do tempo para volver ao 1900 durante as xornadas do 20, 21 e 22 de setembro. Durante a fin de semana haberá diversas actividades e música. P14

Toques acollerá o Amoriño Fest o 19 de outubro



O concello de Toques acollerá o Amoriño Fest, iniciativa para atopar o amor, o 19 de outubro no Restaurante Xaneiro. O obxectivo é que as persoas asistentes pasen unha boa xornada e atopen o amor. P17

ESPOMASA
CTRA MELIDE-TOQUES KM8
L - V 7:00 a 14:00 15:30 a 18:30
SÁBADOS 10:30 a 13:30

el almacén del colchón
by ESPOMASA
N-547, 15800 Furelos, A Coruña
L - S 10:00 a 14:00
16:30 a 20:30

MES DEL COLCHÓN

- COLCHON VISCO DESDE **99€**
- SOMIER 90X190 DESDE **88€**
- CANAPÉ 135X190 DESDE **260€**
- CABECERO CAMA 135/150 + MESITAS **299€**

Que la vuelta al cole no te quite el sueño



Precio de montaje no incluido

TE LO LLEVAMOS A CASA

Tribuna de opinión

O camiño entre as Leis e a realidade

En diversas ocasións a cidadanía non comprende o sentido ou, máis ben a posta en práctica, dalgúns leis ou normativas.

Un destes casos é dos donos de baixos de edificios que á hora de poñer ascensor teñen a obriga de aportar a súa cuantía, de xeito proporcional, cando en ningún caso van beneficiar do mesmo. A maiores de pagar, unha vez instalado, o seu mantemento ou gasto extra que poida derivar. Está clara a importancia de eliminar barreiras arquitectónicas que poidan dificultar a vida diaria das persoas con mobilidade reducida, niso o compromiso é de todos e todas. Non obstante, as persoas propietarias de espazos á altura das beirarrúas non se benefician nin empregan o ascensor pero si deben abonar a súa parte da derrama, importe que nestes casos non soe ser pequeno.

Por outra banda, hai que sinalar que no caso da instalación dun elevador son todas as ins-



Varias mans suxeitando a maqueta dunha vivenda. / Foto: iStock

tancias ou vivendas do edificio as que se revaloriza e adquiren un maior prezo no mercado pero con pouca repercusión práctica para futuros compradores dun baixo.

Nun caso así, e como na vida mesma, o mellor é negociar e debater cos veciños e veciñas que si se beneficiarían do elevador. A empatía, un sentimento que por momentos parece estar en vías de extinción, é fundamental para a resolución de conflitos e para chegar a un porto no que todos e todas poidamos beneficiarnos

en certa parte. Cos prezos actuais é de comprender que un gasto como o da inaccesible dun ascensor pode ser inasumible para moitas familias, máis alá da súa necesidade. Porén a democracia é soberana e sempre se debe respectar, de aquí a necesidade do proceso de negociación.

As comunidades de veciñanza son un mero reflexo da sociedade, cada inquilino ou inquilina é dun forma de pensar diferente pero iso non debe ser un atranco para chegar a acordos.

Editorial

O que debería ser por sentido común

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Tres pezas nas que simbolizan a igualdade entre sexos. / Foto: iStock

O pasado 2 de agosto publicouse no BOE a Lei Orgánica 2/2024 de representación paritaria e presenza equilibrada de mulleres e homes en órganos de decisión.

Esta normativa ten como obxectivo garantir un equilibrio e unha representación efectiva e igualitaria de mulleres e homes en diversos ámbitos da vida económica e política. Polo momento, esta lei só afectará a empresas con máis de 250 persoas no cadro de persoal, unha cifra de negocios superior a 50 millóns de eu-

ros e/ou un activo superior a 43 millóns.

Non obstante, esta norma abre a porta a eliminar a nulidade automática de persoas traballadoras que teñan solicitado ou xa estean disfrutando da adaptación da xornada laboral por motivos de conciliación ou o permiso de 5 días por enfermidade. Sobre esta cuestión, o Goberno do Estado xa anunciou que mudará para que volvan a ser nulos os despidos por estes motivos. Oxalá chegue o momento no que non precisemos estas leis.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com

AGRADECEMENTOS: Imprenta Meligraf e Pilar López

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84




ASOCIACIÓN DE
MEDIOS EN GALEGO

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....20
- ENTREVISTA.....23

Asetem lanza a nova edición da campaña Volta ao Cole con diversos agasallos e a tradicional festa infantil



Cartel para promocionar a campaña Volta ao Cole 2024 da Asociación Empresarial da Terra de Melide. / Foto: Asetem

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide lanza a nova edición da campaña Volta ao Cole con diversos agasallos,

vales de compra e a tradicional festa infantil.

O obxectivo desta iniciativa é promocionar as vendas de todos os artigos

relacionados co regreso ás aulas (roupa, calzado, material de papelería, libros, mochilas, etc) nos establecementos de proximidade.

Dende Asetem queren premiar a todas as familias que decidan comprar todo o necesario para a volta a escola nos comercios da vila. Para iso, todas as familias que realicen compras por valor de 60 euros ou máis terán premio.

A campaña durará ata o vindeiro xoves 26 de setembro, data límite para que os pais e nais entreguen nas oficinas de Asetem (rúa Lino Sexto,7) os tickets dos establecementos asociados.

Nesta ocasión, hai novidades dado que as familias que entreguen boletos por valor de 60 euros recibirán un agasallo asegurado que será, a escolmar, un paraugas infantil ou un xogo de xadrez. Por outro lado, aquelas persoas que traian tickets por valor de 100 euros ou máis recibirán: agasallo, vale de compra e entrada para a festa infantil. Os regalos promocionais e as entradas para a festa entregaranse ata fin de existencias ou límite de aforo permitido. Os vales de compra varían a súa cuantía dependendo de se é familia numerosa ou non. No caso das de 3 crianzas ou máis, recibirán un vale de 10 euros; pola contra, as familias de menos de 3 fillos ou fillas recibirán un de 6 euros. Só

se dará un vale de compra por familia. Como novidade, estes bonos de 6 e 10 euros poderán gastarse a través da APP de Asetem nas tendas e negocios locais.

No momento da entrega dos tickets é preciso achegar: DNI do pai ou nai, número de teléfono de contacto e, no de ser familia numerosa, a tarxeta que o certifica ou o libro de familia.

A festa infantil celebrárase o venres 27 de setembro pola tarde no Parque Rosalía de Castro, agás en caso de meteoroloxía adversa que será no Pazo de Congressos de Melide. Nesta actividade os nenos e nenas contarán con diversos inchables e obradoiros para celebrar o regreso aos centros educativos.

Dende a directiva de Asetem animan á poboación a mercar os produtos da volta ás escolas nos comercios de proximidade e participar nesta campaña que unha vez máis premia as persoas que compran no municipio. A maiores, tamén queren facer fincapé na necesidade de que os comerciantes animen a todas as familias a acudir á sede da Asociación para cambiar os tickets polos agasallos, vales de compra e entradas para a festa infantil.

Borboriño Xeados estrea tenda na cidade da Coruña



Sandra Aldrey cun dos seus clientes da Coruña. / Foto: Borboriño Xeados

Borboriño Xeados estrea tenda na cidade da Coruña para levar os seus ricos xeados a un novo punto do territorio galego.

A rúa Santa Catalina, nº 26 é o espazo esco-

llido polos responsables de Borboriño Xeados para acoller estes deliciosos xeados dentro da cidade de cristal.

Esta nova tenda súmase ás das vilas de Melide, Sobrado, Santiago e Ames.

Axudas para mellorar a tecnoloxía e venda das empresas do sector forestal



Un tractor dunha empresa forestal traballando nun monte. / Foto: iStock

O Goberno autonómico destina 5 millóns de euros en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos forestais para mellorar a competitividade das pemes

galegas e do tecido industrial forestal - madeira.

En total a convocatoria recolle 5 liñas de axudas: xestión forestal activa; madeira e biomasa; castaña e resina; valor engadido na

1ª transformación da madeira; e plans e ferramentas de xestión empresarial.

As axudas convócanse en concorrencia competitiva e serán do 40% cun máximo de 200.000 euros para a xestión forestal activa e de valor engadido na 1ª transformación da madeira; de 150.000 euros para as liñas de madeira e biomasa, así como para a de castaña e resina; e de 50.000 euros no caso de plans e ferramentas de xestión empresarial.

Esta nova convocatoria pon en valor o conxunto de recursos que atesouran os bosques galegos como son a madeira, a resina, a biomasa; así como tamén os equipamentos, maquinaria e as instalacións precisas para incrementar a competitividade da industria vencellada a toda a cadea de valor.

A Xunta lanza unha nova convocatoria do programa Emega para o fomento do emprego feminino na comunidade

A Xunta lanza unha nova convocatoria do programa de axudas Emega para o fomento do emprego feminino en Galicia.

Este plan consta de 4 liñas de subvencións que varían entre os 3.000 e os 42.000 euros.

O principal obxectivo destas axudas é promover o "emprendemento económico e social" das mulleres, así como "incrementar" a participación feminina na vida económica, laboral, política, social e cultural, ademais de eliminar as "discriminacións", sinalan en nota de prensa dende a Consellería de Política Social e Igualdade.

As beneficiarias deste programa de subvencións serán as empresas privadas formadas por mulleres que inicien a súa actividade económica ou formalicen o seu plan Activa no período de

tempo comprendido entre o 1 de agosto de 2023 e o 27 de setembro deste ano.

Á Liña Emprende poderán acollerse as empresas de nova creación constituídas por mulleres sempre que cumpran requisitos como: supoñer a creación dos postos de traballo de todas as promotoras ou non ter desenvolvido actividade empresarial na mesma actividade económica nos 3 anos anteriores á data de efectos de alta no correspondente réxime da Seguridade Social. A cuantía oscila entre 10.000 e 22.000 euros.

A parte Activa busca favorecer a "reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres", así como a implementación de medidas innovadoras para mellorar a competitividade. As beneficiarias deben cumprir con requisitos

como: acreditar un mínimo de 3 anos de realización efectiva da actividade empresarial e a alta na Seguridade Social das traballadoras que ocupen os novos postos de traballo, creados a consecuencia do proxecto de reactivación ou mellora. A cifra económica desta liña varia entre 8.000 e 17.000 euros.

O terceiro dos apartados deste programa de axudas é o ITEF, o cal pretende impulsar aquelas actividades empresariais de carácter innovador cuxo contido sexa científico ou supoña a creación de "emprego feminino estable". Este é o apartado con maior cuantía destinada por beneficiaria, entre 18.000 e 42.000 euros.

Para rematar, a liña Concilia é complementaria ás 3 anteriores e promove a conciliación da vida per-



Unha nova emprendedora dun comercio de proximidade. / Foto: iStock

soal, familiar e laboral. A axuda varia entre os 3.000 euros na modalidade Concilia promotoras e os 5.000 euros para persoas traballadoras por conta allea.

O prazo para pre-

sentarse a estas subvencións do programa Emega remata o vindeiro 27 de setembro do 2024. O período de execución estará vixente ata o 16 de decembro deste mesmo ano.

Últimos días para solicitar as axudas de Comercio Circular



Unha muller cunha bolsa de tea como as que se poden mercar con este programa de axudas económicas. / Foto: Cerne

Últimos días para solicitar as axudas do Programa de Comercio Circular da Xunta de Galicia.

As liñas destas subvencións son: programa

Eco-pak, programa Avanza téxtil e Re - Circular.

No primeiro caso, no Eco-Pak, as persoas beneficiarias desta axuda poden ser persoas autónomas

e pemes comerciais, obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e asociacións de comerciantes sen ánimo de lucro. No Avanza téxtil, po-

deranse beneficiar persoas autónomas e pemes con 10 empregados ou menos. E, no Re - Circular, autónomos e pemes, nesta ocasión, de como máximo 20 empregados.

As accións subvencionables no programa Eco-pak serán: caixas e sobres de cartón ou papel 100% reciclado, recheos vexetais e proteccións acolchadas tamén de papel reciclado, bolsas de tea de algodón liño ou cábano 100% e papel vexetal. Os investimentos máximos varían dependendo da entidade ou persoa beneficiaria, no caso dos autónomos e pemes será de 3.000 euros (IVE excluído) e no das asociacións de comerciantes oscilarán entre os 7.700 aos 13.300 euros.

O programa Avanza téxtil inclúe: participación en cursos de formación ou obradoiros de confección téxtil, adquisición de ma-

quinaria de destrución téxtil, organización e participación en tendas efémeras e adquisición de maquinaria e ferramenta de corte e confección. Os investimentos máximos varían de 1.200 a 6.000 euros.

O programa Re - Circular ten dentro das súas accións subvencionables a adquisición de materiais primas e/ou tecidos téxtiles sostibles e a de accesorios ou de orixe 100% reciclado ou de composición totalmente orgánica. O investimento máximo é de 10.000 euros.

Todas as liñas do Programa de Comercio Circular teñen como cuantía máxima o 80% dos investimentos subvencionables. O IVE non será subvencionado en ningún caso.

O prazo para solicitar estas axudas económicas remata o venres, 13 de setembro.

Cambio na tendencia dos datos do paro cun leve aumento na comarca

A tendencia dos datos do paro sofren un cambio de tendencia en agosto cun leve aumento na comarca da Terra de Melide.

En total, no último mes a comarca conta con 11 persoas desempregadas máis. En termos municipais as cifras quedan do seguinte xeito: Melide lidera a suba con 7 parados máis (248), Santiso (36) e Sobrado (29) aumentan nun os seus desempregados e, por último, Toques suma 2 (25). A corrente de incremento do desemprego nesta zona leva sucedendo dende o 2022, sendo tradicionalmente agosto un dos períodos nos que en sectores como a hostalería e o comercio, eidos importantes de creación de emprego no centro de Galicia rematan os contratos temporais de reforzo dos meses de verán. Non obstante, cabe sinalar

que no 2021, último ano no que cae o paro en agosto, había 441 persoas paradas; isto supón 193 desempregadas menos na actualidade.

Esta situación non é singular da Terra de Melide, dado que nas comarcas limítrofes do Deza e a Ulloa os datos tampouco son positivos.

A Ulloa ten unha caída de 7 persoas que perderon o seu traballo, sendo Antas de Ulla a vila na que máis crece o desemprego (+5) e poñendo o contrapunto atopamos Monterroso onde encontraron traballo 2 persoas. O total de parados e paradas nesta comarca é de 263.

No caso do Deza o incremento de persoas desempregadas é de 51, cun total de 1.376. Lalín é a localidade con maior aumento (+23) e Agolada á única na

que se baixa (-1).

A parte máis positiva das cifras de traballo na zona é a comarca de Arzúa, onde 17 persoas atoparon emprego durante o mes de agosto (399 parados e paradas en total). Touro é o municipio que máis tira para o aumento do traballo, con 10 persoas empregadas máis e, pola contra, O Pino é a única vila da comarca na que crece o paro (+1).

A nivel autonómico o número de persoas que perderon o seu emprego tamén medrou, neste caso a suba tamén é lixeira, en concreto de 633 persoas, o que supón un incremento do 0,54% con respecto ao mes de xullo. O número de afiliacións á Seguridade Social dende a Consellería de Emprego e Comercio sinalan que "con 1.092.886 persoas afiliadas a comunidade galega rexistra o valor



O conselleiro de Emprego e Comercio valorando os datos do paro. / Foto: Xunta

máis alto nun mes de agosto desde o ano 2005".

Se ollamos os datos segregados por sexos, as mulleres continúan a ser as máis prexudicadas, dado que a suba delas é superior á deles. En total, en Galicia,

hai 48.317 homes en situación de desemprego fronte a 70.361 mulleres.

En termos relativos, a comunidade galega é a terceira do Estado cunha maior redución do paro rexistrado no último ano.

O informe do Consello da Cultura Galega sobre Altri advirte sobre os impactos na saúde e o territorio do proxecto en Palas de Rei

O informe do Consello da Cultura Galega, realizado por 10 persoas expertas en diversos ámbitos como o patrimonio cultural, turismo, paisaxe, políticas agrarias, edafoloxía, hidroloxía, saúde e o desenvolvemento rural, advirte sobre os impactos na saúde e o territorio do proxecto que Altri quere instalar en Palas de Rei, así como o risco dun incremento da extensión do eucalipto.

As conclusións do informe comezan dicindo: "a decisión de implantar unha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei non responde nin a un plan territorial nin a un plan industrial que fosen avaliados ambientalmente, senón que se adoptou coa declaración desta iniciativa como proxecto industrial estratéxico polo Consello da Xunta de Galicia". Neste texto, sinalase que "non consta que, nesa decisión sobre o tipo de industria por implantar e a súa localización, se tivesen en consideración os valores do territorio nin as súas capacidades para soportar esa instalación industrial, nin os impactos que produciría sobre o ambiente e as comunidades que o habitan e que non tiveron a oportunidade de participar nesa decisión inicial".

Este documento de 181 páxinas, publicado polo órgano que asesora o Goberno autonómico en cultura, afirma que "a localización da fábrica responde a necesidades esóxenas ao territorio".

A planta do proxecto Gama vai producir celulosa soluble e só de forma secundaria Lyocell, "polo que reforzaría a especialización actual da cadea na produción de materias primas, madeira de eucalipto". Polo tanto, "os seus vínculos coa cadea téxtil - confección, que na economía



Persoas asistentes á manifestación organizada contra o proxecto de Altri en maio. / Foto: Plataforma Ulloa Viva

galega está concentrada nas fases finais da cadea, loxística e distribución, e non na fabricación de tecidos nin na confección", sinalan nas conclusións do texto.

Con respecto ao emprego, os resultados desta análise fan fincapé en que a realidade dos datos serían moi inferiores aos ofrecidos por parte da empresa impulsora da iniciativa empresarial, "estímase que o número de empregos directos que se crearían na primeira fase sitúase entre 161 e 281 a partir de 2026, a metade dos anunciados polo promotor". Ademais, serían as empresas de fóra da zona na que se situaría a fábrica as máis beneficiadas: "os impactos indirectos indican que estes beneficiarían fundamentalmente empresas situadas fóra de Galicia e que o proxecto tería un impacto moi reducido nas comarcas da área de influencia, onde se xerarían uns 62 empregos", mentres que no resto da comunidade se crearía "arredor de 201 empregos".

Outro dos impactos negativos do proxecto que se sinalan dende o CCG é o "risco de deterioración da imaxe turística". Un dos

motores económicos das comarcas afectadas pola iniciativa de Altri é o turismo, un dos principais eidos da xeración de emprego. Por iso, neste estudo destacan que nesta zona "a oferta turística céntrase no turismo rural e nos roteiros relacionados con elementos do patrimonio natural e cultural" e facendo fincapé no "Camiño de Santiago, ruta do Camiño Francés declarada Patrimonio da Humanidade". Arredor deste asunto, tamén se afirma que o Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) demandou un estudo independente de impacto patrimonial e sinala que "afectan ao valor universal excepcional da ruta xacobeá polo impacto na paisaxe dos elementos arquitectónicos e instalacións". As ofertas de turismo, sexa o Camiño de Santiago ou o turismo rural, están moi influídas pola imaxe que se transmite e pola que se percibe. "A avaliación do impacto do proxecto debe considerar, ademais dos efectos sobre a imaxe percibida do territorio, outros como a polución visual, acústica ou física e as súas consecuencias sobre o turismo, que o sector turís-

tico dos concellos afectados considera vai ser importante".

O sector primario sería outro dos grandes afectados do proxecto Gama, polo que no informe coméntase "débese avaliar o impacto sobre a cadea agroalimentaria, que pode darse por 2 vías: a competencia do previsible incremento do uso forestal das terras cos usos agrarios do solo para as explotacións gandeiras, xa con falta de base territorial, e a desvalorización dos produtos alimentarios da zona pola desvalorización da súa imaxe". Na actualidade, preto do 82% das cortas de eucalipto no conxunto de España ten lugar en Galicia e o seu principal destino é a produción de pasta de celulosa. "A posta en marcha do proxecto Gama suporía un considerable incremento da demanda total de madeira de eucalipto para pasta de celulosa en España".

A maiores, a factoría situaríase nun dos hábitats "xeoedáficos e ecolóxicos" máis singulares e interesantes de Galicia, de feito, sobre unha área proposta pola Xunta como ampliación da Rede Natura, proposta en 2011. Este feito "evidencia

a presenza de importantes valores ambientais e a necesidade da súa protección. O efecto máis directo e drástico da instalación desta fábrica, que ocuparía sobre o 7% da superficie do afloramento serpentínico, sería a destrución completa ou a alteración irreversible destes solos e a súa biota asociada, un verdadeiro laboratorio natural de biodiversidade".

Dende a Plataforma Ulloa Viva comentan que este documento "confirma as nosas advertencias e a preocupación que temos arredor do proxecto de Altri - Greenalia". A maiores, demándalle á Xunta a paralización da macrocelulosa.

Ante este informe os eurodiputados do Partido Popular, Francisco Millán e Adrián Vázquez, sinalaron a "nula independencia" e tildaron ás 10 persoas expertas que elaboraron este documento de "supostos especialistas". Por outra parte, a conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, reconece que se trata dun estudo científico, "con moito rigor, no que se analizan os parámetros". Non obstante, considera que no informe hai outros estudos que "son máis unha opinión que un estudo científico".

Ademais, a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, acusou ao Goberno central de discriminar a Galicia na asignación dos fondos europeos e urxiu ao ministro de Industria, Jordi Hereu, a examinar o expediente de Altri para que poida optar a estes fondos.

Outro partido político que se está movendo en torno a este proxecto é o BNG, a eurodeputada Ana Miranda, conseguiu na Eurocámara que a Comisión de Peticións debata as diferentes denuncias contra o proxecto de Altri na próxima sesión.

**PRUEBA 1 MES
AUDÍFONOS
GRATIS**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO



E-15-001241

**ESTUDIO AUDIOLOGICO GRATUITO
FINANCIACION SIN INTERESES
ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**

**NUEVA
UBICACIÓN**



tábora
CENTRO ÓPTICO Y AUDITIVO

**2 GAFAS
GRADUADAS
99 €**

**ÓPTICA TÁBORA MELIDE
RUA PROGRESO,13
Tlf: 981 505 199  634950412**



E-15-001238

Asetem e o Concello organizan unha actividade para promocionar a vila



Guido Guía cun grupo de persoas nunha das diversas actividades que realiza descubrindo lugares. / Foto: Guido Guía

Asetem e o Concello de Melide organizan unha nova actividade, "Melide destino. Descubrindo Furelos", para promocionar o municipio e os seus establecementos de proximidade o vindeiro sábado 21 de setembro durante todo o día.

Para realizar este novo proxecto de promoción, a Asociación empresarial e a Administración local, contarán cun guía

turístico de primeira, Guido Álvarez Parga, coñecido como Guido Guía. Este profesional conta coa Diplomatura de Turismo, Máster de Planificación Turística e o Máster Europeo Maclands

en Paisaxes Culturais. Ademais, ten numerosas experiencias profesionais no sector en localidades como Santiago, A Coruña e na actualidade, principalmente, na provincia de Lugo.

A actividade comezará sobre as 11:00 horas no Cantón de San Roque, punto de quedada da actividade, para de seguido coñecer diversas zonas de Melide con tempo para visitar os comercios e establecementos de hostalería da localidade. Ás 14:00 horas realizarase unha comida conxunta, para aquelas persoas que o desexen, na cal cada participante deberá levar o seu xantar; haberá opción tamén de desfrutar da gastronomía local para os participantes que non desexen traer o xantar da casa.

Pola tarde, o grupo unirase de novo para baixar andando a Furelos e visitar o VII Mercado de Época. Ademais, Guido aprovei-

tará esta visita para dar a coñecer diferentes lugares de interese da parroquia de Furelos como a Ponte Romana.

Esta iniciativa é totalmente gratuíta e para participar só hai que chamar ao: 981 50 61 88 ou enviar un whatsapp ao 698 13 23 24. A actividade vai dirixida tanto a persoas da contorna como doutros lugares de Galicia, dado que é unha oportunidade de coñecer e aprender máis sobre Melide, ao mesmo tempo que se promocionan os seus establecementos de proximidade.

A maiores, entre as persoas participantes que merquen ou consuman nalgún establecemento asociado a Asetem sortearanse 5 vales de compra de 20 euros. Para entrar no sorteo os consumidores deberán rexistrar a súa compra na APP da Asociación subindo unha foto do ticket.

A Federación de Comercio da Coruña pon en marcha a iniciativa "Merca no teu comercio" nos meses de outubro e novembro

A Federación de Comercio da Coruña, en colaboración coa Federación Galega de Comercio, a Xunta de Galicia e as diferentes asociacións comerciais e empresarias da provincia, poñen en marcha a iniciativa "Merca no teu comercio" para promover as vendas nos establecementos de proximidade nos meses de outubro e novembro.

As entidades comerciais lanzan esta nova campaña co obxectivo principal de fomentar as vendas e poñer en valor e promocionar as compras nos comercios locais da provincia da Coruña, así como premiar a fidelidade da clientela. Para conseguir este obxectivo lanza 2 edicións da iniciativa "Merca no teu comercio": a 1ª do 1 ao 20 de outubro e a 2ª do 1 ao 10 de novembro.

En cada unha destas edicións sortearanse entre

todos os boletos rexistrados por comerciante ou clientela un total de 10.000 euros, repartidos en 50 bonos de 200 euros, que unicamente poderán usalos en establecementos adheridos a esta iniciativa.

Ademais, nas galas de entrega de premios, sortearase en directo un vale de 1.000 euros. Neste sorteo poderán participar todos os premiados, aos que se sumarán seguidamente os seus acompañantes ata completar aforo, e sempre que presenten un ticket dunha compra realizada nas datas da campaña (só unha participación por persoa). Este bono de 1.000 euros deberá ser gastado pola persoa afortunada nunha única xornada de compras dentro da semana seguinte ao sorteo, no día que designe a organización. Os premiados que non poidan asistir á entrega de premios

entregaráselle nas oficinas de Asetem.

Para participar neste proxecto os establecementos interesados deben anotarse, no caso de Melide, a través de Asetem antes do 18 de setembro. Para

inscribirse é preciso contactar coa Asociación e proporcionarlle datos básicos do comercio ou negocio, dado que senón a clientela non poderá participar no sorteo de premios desta campaña. Para a clientela que queira

participar ten que rexistrar no período das campañas un boleto de compra dun dos establecementos adheridos na páxina web: www.mercanoteucomerciocoruna.com, para entrar no sorteo.

MERCA
NO TEU
COMERCIO

DO 01
AO 20
OUTUBRO

PROVINCIA DE
A CORUÑA

mercanoteucomerciocoruna.com

Parte do cartel de promoción da campaña "Merca no teu comercio". / Foto: Federación Galega de Comercio

A empresa melidá, o Ovo da Avoa, prepárase para bater o récord do mundo da tortilla máis grande este domingo

A empresa melidá, o Ovo da Avoa, prepárase para bater o récord do mundo da tortilla máis grande este domingo, 15 de setembro.

As actividades que xiran arredor deste acontecemento culinario, englobado dentro da 1ª Feira do Ovo Campeiro, comezan o sábado, día 14, con actos como: a inauguración do centro de envasado, demostracións de elaboracións con ovos campeiros de coñecidos coñeíros, concurso de tortillas, charlas divulgativas e diversos talleres de cociña para crianzas e adultos.

Antes de chegar a esta fin de semana, as persoas responsables e traballadoras desta empresa, así como amigos e colaboradores fixeron un ensaio para ir o máis preparadas posible cara o camiño de bater o récord do mundo. Nesta primeira toma de contacto, empregáronse unha oitava parte dos ingredientes que se usarán no desafío deste domingo. No ensaio empregouse unha tixola mecánica de 2 metros de diámetro, 2.000 ovos e 200 quilos de patacas. O obxectivo desta proba era darlle a volta a 1.600 quilos de peso, entre o recipiente e os ingredientes; así como probar a temperatura, tempos de elaboración e utensilios a empregar.

Este negocio familiar, rexentado por Manuel Casal, conta con máis de 30 anos de experiencia na produción de ovos de galiñas criadas en liberdade e con 120.000 aves campeiras.

Para promocionar este evento, dende o Ovo da Avoa decidiron facer un concurso de carteis para escoller o que representaría esta 1ª Feira do Ovo Campeiro. O autor gañador foi un cidadán murciano, chamado Rubén Lucas García, cunha obra titulada "A miña terra". García a maiores de representar coa súa



Cartel para promocionar o XII Ciclo teatro afeccionado "O teatro no camiño", organizado en Melide. / Foto: Charamela

obra esta cita gastronómica tamén recibiu un premio de 300 euros. No segundo e terceiro posto quedaron Cristina González e Ángel Ayude, respectivamente.

Esta feira comezará o sábado coa inauguración do centro de envasado de ovos da empresa. A continuación, ás 14:00 horas, no Pazo de Congressos do municipio melidense arrincarán todas as actividades patrocinadas polo Ovo da Avoa. Todas estas iniciativas xiran arredor do ovo campeiro, entre elas destaca o Concurso de Tortillas. A esta competición puideron anotarse persoas particulares e locais da hostalería de toda España para demostrar que a súa é a mellor tortilla do Estado. Para valorar estas creacións culinarias, a empresa organizadora contactou cun xurado de primeira categoría entre os que están: Rafael García Santos e Marina Ferreyra.

Rafael García Santos, nado en Santander, é crítico gastronómico e principal sostén do campionato de España de tortilla de patacas. Durante décadas foi o

crítico máis temido pola súa esixencia.

O segundo membro confirmado do xurado é Marina Ferreyra, cociñeira e xerente do establecemento Jacarandá en Melide. Unha experta da boa comida e membro da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, á cal representará neste concurso gastronómico.

O xurado deste campionato seguro que non vai ter nada sinxelo para escoller ao gañador ou gañadora pero os premios ben merecen un esforzo, dado que segundo adiantou o Ovo da Avoa haberá máis de 1.000 euros en galardóns. O Concurso de Tortillas terá 2 modalidades: a mellor tortilla e a mellor presentación. Na primeira categoría os premios serán de 300, 200 e 100 euros; no caso da mellor presentación a recompensa será de 250, 150 e 100 euros.

A entrega de premios e degustación das tortillas participantes farase arredor das 21:00 horas, logo de que os membros do xurado dean a coñecer

o nome dos afortunados ou afortunadas.

Durante a xornada do sábado tamén haberá no Pazo de Congressos de Melide postos de alimentación, artesanía, foodtrucks, demostración de cociñeiros e talleres para todas as idades.

O domingo, 15 de setembro, no pleno centro

da localidade comezará, ás 9:00h, o desafío no que se intentará realizar a tortilla máis grande xamais feita en todo o mundo. Para conseguilo, os promotores desta iniciativa usarán: unha tixola de 6 metros de diámetro, 1.700 quilos de patacas, 14.000 ovos, 30 quilos de cebolas, 10 de sal e 160 litros de aceite. Os utensilios empregaron realizáronse en varias empresas do municipio, polo que esta feira conta cun selo de identidade melidense 100%.

Unha vez conseguido o reto, as persoas en degustar a tortilla deberán mercar un boleto, por 3 euros. O importe acadado da compra dos boletos irá destinado a entidades e comedores sociais. A maiores, nos locais de hostalería que colaboran con esta cita culinaria ofrecerán á súa clientela diversas degustacións de receitas elaboradas con ovo campeiro.

Ademais, para presentar o evento contará co mago melidense, Dani Polo. Dende a organización animan a veciñanza e visitantes a asistir.



Cartel da 1ª Feira do Ovo Campeiro celebrada en Melide. / Foto: o Ovo da Avoa

A Xustiza condena a encargada dun supermercado Gadis na vila por acoso laboral e lesións psíquicas contra dúas traballadoras



Representantes do sindicato xunto coas traballadoras na rolda de prensa na que se fixo pública a sentenza. / Foto: CIG

A Xustiza condena a encargada dun supermercado Gadis en Melide por acoso laboral e lesións psíquicas contra dúas traballadoras.

O Xulgado Penal nº4 da Coruña emitiu sentenza condenando á encargada do Gadis a 20 meses de cárcere, como responsable de 4 delitos de acoso no ámbito laboral e de lesións psíquicas. A maiores, de-

berá pagar máis de 51.000 euros de indemnización ás vítimas, a parte dos gastos do Sergas derivados da asistencia sanitaria ás lesionadas (as cales precisaron 2 anos de atención psiquiátrica e psicolóxica) e as costas procesuais de todo o procedemento xudicial.

Na sentenza recóllese que a Dirección de Recursos Humanos de GA-

DISA era coñecedora destes feitos e que non actuou para mudar esta situación de acoso laboral. De feito, dende a dirección ofrecéuselles ás vítimas admitir un traslado ou irse da empresa, pola contra a encargada permaneceu no seu posto.

O secretario comarcal da CIG - Servizos da Coruña, Roberto Pérez, sinalou que durante o xuízo os

avogados e testemuñas da empresa "intentaron, sen éxito, desprestixiar e culpar ás traballadoras", por este motivo a xuíza condena á empresa como responsable civil subsidiaria.

Tal e como recolle a sentenza, a encargada dirixíase ás traballadoras con expresións como "inútil", "analfabeta", "eu máto", "aquí mando eu", "ti non vales para nada", "cando che diga corre, corre!" ou frases como "aquí quen non siga os meus pasos póño baixo a sola dos meus zapatos e facémolles a vida imposible ata que se aburra e marche" ou "colle a porta e lárgate", que chegaba a pronunciar diante de compañeiros e compañeiras, así como da clientela. A xuíza afirma que a encargada aproveitouse da súa superioridade xerárquica para dirixirse as dúas traballadoras demandantes "con graves descualificacións, ridiculizando os seus actos e palabras" de xeito sistemático e prolongado no tempo.

A maiores, dita encargada do Gadis, ameazaba con represalias por utilizar as licenzas de convenio ou acudir ás delegadas da CIG dicíndolles: "agora corre e vas aos teus amigos do sindicato!".

Outra das cuestións detalladas na sentenza é a obriga, ás que eran sometidas as denunciadas, de prolongar a xornada e que a encargada realizaba reunións para escarnecer aínda máis a determinadas traballadoras empregando frases insultantes.

A xuíza sinala que queda "meridianamente claro" que a acusada someteu a estas traballadoras "a continuas humillacións, desprezos e vexacións, que aínda que consideradas illadamente poden non parecer extremadamente graves, intégranse nun conxunto de malos tratos, humillación e vexación sistemática, logrando minar a súa dignidade persoal, e provocándolles, ademais, unha lesión psíquica".



Véndese leña picada de carballo

Santa María de Melide

636 866 996



Descarga a APP de Asetem


Consigue descontos, ofertas, promocións e premios exclusivos.

As empresas locais a un só click!

Descubre todas as vantaxes desta nova APP descargándoa en Play Store, Apple Store ou no QR da imaxe.



Descargar >



Aprobada a distribución de máis de 386.000 euros dos POS+adicional



A entrada da Rúa Ovedo en Melide, obxecto do POS+adicional. / Foto: Cerne

O Pleno local de carácter extraordinario do Concello de Melide, do pasado 2 de setembro, aprobou de xeito unánime a participación da segunda fase do Plan Provincial de Coope-

ración ás Obras e Servizos de Competencia Municipal POS + adicional 2/2024 da Deputación da Coruña. Os proxectos acordados supoñen un investimento total de 386.919,86 euros.

O primeiro proxecto contempla a adecuación e posta en valor da Rúa Ovedo. Os traballos consisten na renovación do saneamento, instalación dunha nova sede separativa de recollida de pluviais e na renovación do pavimento con lousa tradicional. O investimento destas tarefas ascende a 204.055,43 euros.

No segundo proxecto contéplase a mellora da pavimentación e seguridade viaria na Avenida América e nas rúas Alfonso Fernández Flores, Alfonso Castelao e Magallanes.

Este proxecto supón darlle continuidade aos traballos xa realizados nas rúas próximas da zona nordeste do núcleo urbano do municipio. Esta parte das tarefas de mellora teñen un investimento total de 182.864,43 euros.

Melide participará nun novo proxecto turístico



Representantes dos municipios participantes no proxecto. / Foto: C. Melide

O Concello de Melide participará, xunto a outras 31 vilas das comarcas de Arzúa, A Ulloa, Chantada, o Deza e a Terra de Melide, nun novo proxecto turístico que une gastronomía e patrimonio.

Este novo traballo consistirá na creación da

Ruta das igrexas e da DOP Arzúa - Ulloa, impulsada polo Concello de Curtis.

A iniciativa turística será financiada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, cunha inversión próxima aos 60.000 euros.

O Concello melidense presente nun encontro da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés na vila de Molinaseca



Xosé Igrexas (concelleiro melidense) xunto a Cruz de Ferro, entrada dos peregrinos ao Bierzo. / Foto: Xosé Igrexas

Xosé Igrexas, concelleiro en Melide, participou no municipio de Molinaseca nun encontro da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés.

Un dos lugares nos que se pararon os representantes dos municipios

galegos foi a Cruz de Ferro, situada en León e considerada un dos grandes símbolos da ruta xacobeá.

A Asociación Calle Mayor e a Mancomunidade levan máis de 2 anos traballando no proxecto Camino de Europa, un ambicioso

proxecto no que representantes leoneses e galegos incidiron na necesidade de "animar aos peregrinos e peregrinas a facer traxectos máis longos, dende antes de O Cebreiro. Parte da xente que opta esa posibilidade faino porque sente algo

máis cando fai o Camiño", explica Olga Iglesias (alcaldesa de Triacastela e presidenta do mancomunado).

Os rexedores e concelleiros depositaron na Cruz de Ferro unha pedra co nome dos municipios, unha tradición que repiten os peregrinos e peregrinas que pasan por este punto de interese.

Logo deste pequeno acto simbólico, os representantes trasladáronse ata Molinaseca para visitar o santuario da Virxe das Angustias (reconstruído arredor do ano 1512). A Presidenta da Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés entregoulle un agasallo ao párroco para recordar a importancia que tivo hai anos este santuario como refuxio de peregrinos e tamén dos segadores galegos nas súas idas e regresos a Castilla.

Olga Iglesias tamén destacou que a Mancomunidade é un elemento de unión e un vínculo que une as localidades galegas con outros municipios polos que transcorre o Camiño.

Ademais, os representantes galegos aproveitaron este acto para desmentir os rumores de masificación nos últimos quilómetros do Camiño Francés nas vilas das provincias de Lugo e Coruña. Como exemplo, o alcalde de Palas de Rei afirmou: "o noso concello foi o terceiro de España en afluencia turística no 2022 e ningún visitante tivo problemas".

A maiores, os rexedores e concelleiros manifestaron o seu compromiso de seguir colaborando na difusión e promoción do Camiño Francés, onde este ano a Mancomunidade executa diversos proxectos.

Melide abre o prazo para solicitar as axudas a prol da natalidade



Un pai, como os posibles beneficiarios destas axudas á natalidade, co seu fillo pequeno en brazos. / Foto: iStock

O Concello de Melide abre o prazo para solicitar as axudas a prol da natalidade.

Esta liña de apoio económico é unha das medidas que a Administración local pon enriba da mesa para fixar poboación.

As persoas beneficiarias serán pais e nais que estean empadroados en Melide e teñan ou adopten unha crianza no período comprendido entre o 1 de novembro do 2023 e o 31 de outubro de 2024. A maiores

deben cumprir os seguintes requisitos: os pais, ou polo menos un deles, deberán estar empadroados no municipio melidense cunha antelación mínima á data do parto ou adopción de 6 meses. As crianzas deberán

inscribirse no padrón do Concello. A persoa solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroadada en Melide, tanto a solicitante como o neno ou a nena, por un período de 4 anos dende o nacemento ou adopción. O empadramento supoñerá a residencia efectiva, polo tanto a familia deberá residir habitualmente en calquera das parroquias do concello.

A cuantía máxima de axuda por cada fillo ou filla será de 300 euros. O orzamento destinado pola Administración local para esta liña de apoio económico é de 15.000 euros. Se das solicitudes que cumpran cos requisitos sinalados se deriva un gasto superior a 15.000 euros, esta será repartida de xeito igualitario entre todas elas.

As solicitudes poden presentarse ata o vindeiro 15 de novembro no rexistro xeral do Concello. As solici-

tudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación: fotocopia compulsada do libro de familia e do DNI da persoa solicitante; copia do auto xudicial de adopción; declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade; compromiso de seguir empadroadado ou empadroadada en Melide por un período de 4 anos; certificación de datos bancarios onde se pretenda recibir o importe da axuda; compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser persoa beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos requisitos; e, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Administración Tributaria Estatal, a da Comunidade Autónoma e da Seguridade Social.

O Centro de Atención Temperá múdase a partir de decembro á vila melidense



Dous nenos e unha nena xogando cuns xoguetes nunha aula. / Foto: iStock

O Pleno do Concello de Melide, celebrado o pasado 7 de agosto, aprobou por unanimidade que a vila acolla a sede do Centro de Atención Temperá, previsiblemente a partir de decembro, e solici-

tar como cabeza do proxecto a subvención para este servizo.

Ata o momento era o municipio de Toques o que acollía este servizo pero dado que nesas instalacións

se van realizar obras, para construír un centro de día, o Centro de Atención Temperá debe cambiar de localización. Neste caso, serán as dependencias municipais de Melide as que acollerán este servizo á disposición dos nenos e nenas dos concellos de Santiso, Vilasantar, Arzúa, Toques e Melide.

Dende o PP melidense, Antonio Méndez, manifestou o seu acordo con este punto e sinalou que "ao ser de Melide a maioría de nenos e nenas que empregan este servizo así non terán que desprazarse ata outra vila". Por outra parte, o alcalde do municipio, José Manuel Penas agradeceulle ao concello de Toques a súa disposición durante estes 2 anos e fai fincapé na necesidade deste servizo que é "para todos e todas" nestes municipios.

Novo nomeamento para o Campo de Fútbol Municipal



Autoridades e familiares no momento do descubrimento da placa. / Foto: C.M

O Campo de Fútbol Municipal pasa a levar o nome do melidense José Carlos Pamplín Rúa.

O pasado 15 de agosto, realizouse o acto do novo nomeamento deste espazo deportivo coa presenza de familiares de José Carlos,

membros da directiva do CIRE, representantes do Concello e antigos xogadores do club.

O nomeamento do campo de fútbol foi aprobado no Pleno municipal logo da proposta realizada polo CIRE.

Furelos métese na máquina do tempo para volver ao 1900 durante as xornadas do 20, 21 e 22 de setembro



Dúas fotografías da edición de 2023 de Furelos en 1900, nunha cunha actuación dun grupo de música tradicional e noutra con varios visitantes paseando polos postos do Mercado. / Foto: Turismo Melide

A parroquia de Furelos métese na máquina do tempo para volver ao 1900 durante as xornadas do 20, 21 e 22 de setembro.

Un ano máis, o Concello de Melide organiza coa colaboración da veciñanza o VII Mercado de Época nesta aldea melidá onde haberá unha programación de actividades e exposicións moi diversa. Unha cita que se consolida e na que se convida a veciñanza, visitantes e peregrinos a mergullarse na vila do pasado, recordando e recreando a estética da época.

Esta viaxe ao pasado comeza o venres, 20 de setembro, ás 18:30h coa apertura dos postos de 1900. A continuación haberá pasarrúas musical, espectáculos como a do chepudo non me dan e o seu carro fantástico, e actuacións circenses.

O sábado, 21 de setembro, ás 11:30h o mercado abre as súas portas para dar paso ao longo do día a actividades. Ás 12:00h o afixador chama ás portas da aldea de Furelos con arti-

maña. Ás 12:30 e 18:30h pasarrúas musical con Vindel. Logo deste primeiro pasarrúas actúa alambique, o equilibrista con Alan Nik. Ás 13:30h Don Tiberio, un druída vello e sabio, visita as rúas do mercado. A mediodía alegres melodías invadirán a parroquia melidá para dar paso a un antigo circo.

Na tarde do sábado, o mercado reábrese ás 18:00h. Unha hora despois haberá un mendigo terrible por Furelos. Ás 19:30h un malabarista moi informado dará un espectáculo. De seguido alegres melodías soarán polo mercado. Ás 20:30h Baom, pastor das árbores, pasará entre os humanos. Logo volve o chepudo non me dan como abreconcertos das gaitas e tambores de Vindel. Para rematar a segunda xornada do VII Mercado de Época volve o afixador e chega o espectáculo de lume.

O domingo, 22 de setembro, será a última xornada desta edición de Furelos en 1900. O mercado

cobra vida a iso das 11:30h para a continuación dar paso a diversas actividades como: pasarrúas musicais, espectáculos pola aldea e talleres demostrativos. O punto final deste mercado será ás 22:00 horas cun pasarrúas musical no que participarán todas as compañías presentes no evento e o último espectáculo de lume destes días.

Os horarios presentados na programación poden ser orientativos e poden variar por mor da afluencia do público e do tempo.

Durante toda a fin de semana a veciñanza, peregrinos e visitantes poderán desfrutar de exposicións como: barbaría, escribanía, o taller da costureira, ultramarinos, cantina, carpintaría, bodega ou a lavandaría. A maiores, haberá a exposición dun espazo de ocio infantil con brinquedos de época, así como diferentes talleres demostrativos, atraccións infantís, cadeiras voadoras e unha nora de madeira.

Ademais, como complemento a este evento haberá un tren turístico que une Melide e Furelos para facer máis accesible a visita ao Mercado de Época para todas e todos. A ruta deste tren irá dende a Capela de San Roque ata o centro da aldea e fará diversas viaxes durante estes días de troulá. A frecuencia das viaxes será dunha hora e será en horario de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 20:00 horas, o sábado e o domingo. Este servizo permitirá facilitar os desprazamentos das persoas asistentes, así como evitar a acumulación de vehículos nas proximidades da parroquia, dado que non se poderá pasar en coche pola zona do Mercado de Época.

Como xa é habitual, a veciñanza de Furelos volverá involucrase neste proxecto coa súa participación vestidos de época e amenizando as xornadas. Este é un dos puntos fortes desta festa, xa que non deixa de ser un valor engadido para todas as persoas

que se achegan a Furelos durante as xornadas na que se transportan ao ano 1900.

Este VII Mercado de Época é un evento dinamizador do turismo local da vila de Melide no que se pon en relevo o ámbito rural. A animación, música e artesanía serán un ano máis o fio condutor desta viaxe no tempo.

Esta edición de Furelos en 1900 acollerá iniciativas para visitantes de todas as idades, facendo fincapé na interxeneracionalidade desta festa que busca poñer no centro a memoria e o pasado, ingredientes fundamentais para coñecer o que somos na actualidade. Este Mercado de Época pon as raíces do pobo de Melide no centro.

Dende a Administración municipal fan un chamamento á veciñanza e visitantes para que na fin de semana do 20, 21 e 22 de setembro se acerquen a Furelos para desfrutar da VII Mercado de Época e recordar como era a parroquia no ano 1900.

VII MERCADO DE ÉPOCA

Furelos no 1900



20, 21 e 22 de setembro


Tradição - Artesania - Música - Animación


Occident

Rodrigo Fernández
(nº reg. DGS: C002636154917K)
rodrigofernandez@occident.com

Pilar Martínez
pilarmartinez@occident.com

 Ronda de Pontevedra 113 baixo,
15800 – Melide

 981 506 495

 678 055 942


SANTIN & AMO

Perruqueiros



**Salón unisex, beleza, solarium,
manicuras, maquillaxes...**

R/Cantón de San Roque, 38-40, 1ª Esquerda
15800 · Melide
Tlfn.: 650 43 63 75

 Santín&Amo perruqueiros

latexo
logopedia

 642 007 210

clínica de logopedia
Cristina Fernández Barros
nº col. 15/0099


Servinet

**Venta, instalación e mantemento
de sistemas informáticos**

Jorge Sangiao Costoya
San Cibrao, 74
Melide (A Coruña)
679 89 24 66

O concello de Toques acollerá o Amoriño Fest o día 19 de outubro



O organizador do Amoriño Fest xunto co alcalde de Toques e o responsable do Restaurante Xaneiro. / Foto: Cerne

O concello de Toques acollerá o Amoriño Fest, iniciativa para atopar o amor, o próximo 19 de outubro no Restaurante Xaneiro.

A presentación desta actividade, pioneira non

só na comarca senón tamén a nivel nacional, realizouse a mediados de agosto na Casa Consistorial coa presenza do organizador do evento, Juan Francisco Lojo, o alcalde de Toques, José Ángel

Penas e o responsable do Restaurante Xaneiro, José Castro Varela.

O obxectivo desta iniciativa é que as persoas asistentes pasen unha boa xornada e atopen o amor.

Un obxectivo ambicioso para o que dende a organización realizaron unha ampla programación de actividades como clases de baile, "mesas quentes", reunión tuppersex, monoloxistas, música e moitas máis sorpresas.

"Este é un moi bo proxecto para o concello, especialmente para un municipio rural como é o caso de Toques", comentou José Ángel Penas.

Por parte da organización, aproveitan para facer fincapé na "exclusividade" do evento e afirman que "non hai nada parecido en Galicia nin en España e buscamos que sexa un referente".

Este festival está aberto a persoas a partir de 18 anos interesadas en atopar unha parella ou persoa especial. Habrá parellas heterosexuais e homosexuais. Os interesados ou interesadas en participar no Amoriño Fest deberán cubrir un pequeno formulario para coñecer os seus gus-

tos e preferencias. Os asistentes teñen dous prezos a escoller: por unha banda, o que inclúe menú máis actividades que son 90 euros; e, por outra banda, o que inclúe menú, actividades e aloxamento que son 140 euros. "Uns prezos dentro do mercado, dado a ampla programación do evento. Isto non é a típica comida de solteiros", sinala Juan Francisco Lojo.

Con respecto ás actividades do Amoriño Fest, José Ángel Penas afirma que "o programa é espectacular e o lugar o mellor. O éxito está asegurado con esta iniciativa".

O organizador deste festival para atopar o amor explicou que co Amoriño Fest se aspira a que sexa "un proxecto grande e que perdure no tempo". Ademais, aproveitou a presentación da iniciativa para amosar o seu agradecemento ao "Concello de Toques pola súa implicación, así como ao Restaurante Xaneiro e á Discoteca La Luna".



PARA TU TRANQUILIDAD

Tchin Tchin
AUDIO

TU 2ª PAREJA DE AUDÍFONOS POR 1€ MÁS*

*Ver condiciones en el centro de audiología o en audiologia.afflelou.es. Oferta válida durante todo este año.

C/ RONDA DA CORUÑA, 16
MELIDE - 981 506 097 (E-15001259)

ALAINAFFLELOU
Óptico y Audiólogo

Pide tu cita
audiologia.afflelou.es



O IES abre o prazo para anotarse no curso de Capacitación Dixital



Un mestre de informática dando clases ao seu alumnado. / Foto: iStock

O IES de Melide abre, o vindeiro 16 de setembro, o prazo para anotarse no curso de Capacitación Dixital.

Para anotarse é preciso chamar ao 881 86 61 15, enviar un correo electrón-

ico a ies.melide@edu.xunta.gal ou acudir ata o Centro de Educación Secundaria, dado que esta formación ten un número de prazas limitado.

Este curso intensi-

vo realizarase entre o 30 de setembro e o 11 de outubro, en horario de 17:00 a 20:00 horas.

O obxectivo principal é: aplicar tecnoloxías habilitadoras dixitais para a xestión de dispositivos e datos no eido profesional, así como no persoal.

Nesta formación de 30 horas daranse entre outros contidos prácticos: buscar información en internet, coñecer e detectar ameazas nas redes sociais, correo electrónico, protexer información e os nosos datos persoais, así como crear e editar recursos dixitais.

Ademais, o profesorado deste curso de Capacitación Dixital partirá do nivel de cada alumno ou alumna para avanzar nos contidos e aprendizaxe, é dicir, non se esixe un nivel mínimo para participar.

Panorama e Furia Joven nas Festas de Sobrado



Veciñanza e visitantes desfrutando dunha festa en Sobrado. / Foto de arquivo

As orquestras Panorama e Furia Joven forman parte da programación das Festas na Honra á Virxe dos Dolores de Sobrado.

Estes festexos celebraranse este venres, sábado e domingo. O primeiro día actuarán: Los Colegui-

tas e Furia Joven; o sábado será a quenda de Panorama e Disco Móvil CDC; e, por último, o domingo haberá xogos infantís gratis e actuarán Zona Zero e a charanga Mekanika Rolling Band. As actuacións serán na explanada do Pavillón.

Barazón acolle o vindeiro domingo a nova convocatoria de Encontro 17 coa calidade de vida no rural como tema central



Varios nenos e nenas desfrutando dunha das actuacións da edición do 2023 de Encontro 17. / Foto: Redes Sociais

A parroquia de Barazón (Santiso) acolle o vindeiro domingo, 22 de setembro, a nova convocatoria da iniciativa Encontro 17, organizada polo Concello, coa calidade

de vida no rural como tema central.

Este evento, creado entre a Administración local e as asociacións do municipio, nace coa "idea de levar

a cada parroquia desta localidade actividades, lecer e ocio, así como crear un lugar de encontro entre veciñanza, amigos e visitantes", comentan os organizadores.

Este proxecto vai mudando de parroquia cada ano, nesta convocatoria tocoulle a quenda a Barazón. O centro das actividades será a Área Recreativa da aldea, xunto ao Río Furelos.

"Se a climatoloxía acompaña poderemos aproveitarnos deste pequeno lugar entre as dúas aldeas máis grandes da parroquia, Barazón e Chorén. Un espazo onde poderemos pasar a mañá nas actividades arredor do Encontro 17 e tamén quedar a xantar de campo". Nesta edición, a calidade de vida no rural é o eixo desta cita, o que marca as actividades da programación. A actividade principal será andaina xunto ca mesa do faladoiro, composta por profesionais do sector da saúde e xente con experiencia nesta materia. Estes expertos serán os encargados de amosarnos as riquezas

que desfrutamos e, ás veces, esquecemos das que dispoñemos no rural.

As actividades comezarán ás 10:00 horas cunha andaina arredor de Barazón, percorrendo a aldea de Chorén de Abaixo, un paseo ao longo do río Furelos e volvendo ao lugar de saída atravesando o agro desta aldea. Logo, ao chegar, haberá tempo para repoñer forzas cunhas lambetadas. A continuación, haberá un faladoiro sobre a calidade de vida no rural con experiencias e consellos que farán mellor o noso día a día. Para rematar a xornada, e tendo en conta que o Encontro 17 é un evento no que os máis pequenos e pequenas son importantes, rematarase cun espectáculo infantil.

Dende o Concello queren amosar o seu agradecemento a todas as persoas e entidades que colabora.

O programa Aprod Rural impulsa a contratación de 5 persoas na comarca



Un peón forestal como os que se contratan con esta subvención. / Foto: iStock

A última convocatoria do programa Aprod Rural apoia a contratación de 5 persoas na comarca da Terra de Melide.

Esta liña de acción do Goberno autonómico ten

como obxectivo principal fomentar o emprego no entorno rural.

Estas subvencións teñen como finalidade promover accións de fomento de emprego en colabora-

ción coas entidades locais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes e a xestión da biomasa co obxecto de proporcionarles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral.

En Melide foron dúas as persoas, contratadas a través deste programa, para tarefas de peón. Santiso, Sobrado e Toques contrataron a unha persoa cada municipio para tarefas de: tractorista, peón e peón forestal, respectivamente.

Amurusa organiza unha nova excursión a Ribadeo



A Torre dos Morenos, un dos lugares turísticos da vila de Ribadeo. / Foto: iStock

A Asociación de Mulleres Rurais de Santiso, en colaboración co Concello, organiza unha nova excursión, neste caso a Ribadeo.

Esta saída realizárase o vindeiro 5 de outubro e inclúe na programación: paseo en barco pola ría do

municipio, así como traxecto en tren turístico para visitar o Casco Antigo, as casas indianas e a Casa Patín.

Ademais, haberá un xantar colectivo nun restaurante da vila. O prezo desta excursión por persoa é de 45 euros.

A escritora Ánxeles López presentou o seu novo libro, "Lo que me sale de dentro", no Centro Social O Noso Lar en Visantoña



Ánxeles López na presentación do libro en Visantoña, acompañada polo público asistente. / Foto: Adolfo Álvarez Fuentes

A escritora Ánxeles López presentou o seu novo libro, "Lo que me sale de dentro", no Centro Social O Noso Lar na parroquia de Visantoña (Santiso).

O pasado 24 de agosto, decenas de persoas

achegáronse ata Visantoña para acudir á presentación da nova publicación de Ánxeles López.

Nesta presentación acompañaron á autora persoas como Edi Carregal, antiga mestra da escritora,

Juan, escritor e amigo de Ánxeles, o seu afillado e veciñanza de Santiso e Melide. Durante o evento, o público puido escoitar diversos párrafos do libro e escoitar as interpretacións e anécdotas de Ánxeles.

En "Lo que me sale de dentro" os lectores e lectoras poderán atopar un conxunto de historias, reflexións, pensamentos e dedicatorias a determinadas persoas, especiais para a autora.

Ánxeles López sempre defendeu que para ela "escribir é unha terapia", dado que grazas ás verbas consegue viaxar a lugares que fisicamente non podería por mor das barreiras arquitectónicas. "Ante estas viaxes, a miña parálise tamén se pode ver como unha limitación pero a min gústame vela como unha porta aberta a novas oportunidades, coa imaxinación non hai límites", fai fincapé a escritora de Santiso. Ánxeles demostra con esta publicación, nunha ocasión máis, que é un gran exemplo e inspiración para moitas persoas.

Pasar de ser unha escritora anónima, que non publica os seus textos, a unha autora á cal o público pode ler ten, entre medio, un camiño complexo e custoso. Isto sábeo ben Ánxeles López, "ás veces, atópome con moitas barreiras porque escribir non só é plasmar as letras nun papel, require unha impresión e distribución que custa cartos", especialmente cando non tes unha editorial que te apoie neste proceso. Non obstante, estes obstáculos non van impedir que esta autora de Santiso continúe a escribir as súas obras.

Para as persoas interesadas en adquirir "Lo que me sale de dentro" poden facelo contactando coa escritora a través das redes sociais: en Facebook, Ánxeles López; TikTok, @angelles81295; e en Instagram, @angelines_95.

Continúan as xornada de limpeza do Río Furelos



Os voluntarios da 1ª xornada de limpeza do Río cos sacos de lixo. / Foto: X.Pazo

Continúan as xornadas de limpeza do Río Furelos este sábado, 14 de setembro.

Nas quedadas previas, os voluntarios atoparon no leito do río lixo de todo tipo: televisores, rodas, botellas, plásticos e ata

"bolsas con gatos e cans", sinalan dende a Asociación de Troiteiros do Río Furelos, entidade organizadora das xornadas de limpeza. Cómpre destacar que Melide conta cun Punto Limp onde depositar o lixo.

Melide acolle o II Máster de Fútbolín este venres, sábado e domingo



Un dos organizadores e representantes da vila co cartel do torneo. / Foto: C.M

A localidade melidá acolle o II Máster de Fútbolín este venres, sábado e domingo no Pavillón Municipal.

O 1º día pola tarde xa chega a gran novidade desta convocatoria, o recinto no que se celebrará a

competición estará aberto para que todos os nenos e nenas que se acerquen ata alí poidan desfrutar das mesas de fútbol de xeito gratuito. Logo, ás 21:00 horas, comezan as competicións coas modalidades: local e cego,

con 3 e 2 premios respectivamente.

O sábado e domingo será a quenda da categoría elite con 8 premios cada día. Ademais, haberá premios especiais a mellor porteiro ou porteira, xogador ou xogadora e á peña máis participativa.

A inscrición para participar neste II Máster de Fútbolín é de 25 euros por persoa.

A maiores, dende a organización regalarán 350 camisetas da competición para os participantes.

Este evento deportivo é unha oportunidade máis para visitar Melide e gozar dunha actividade que conta con centos afeccionados e afeccionadas como é o fútbol de mesa. Con esta 2ª edición, este torneo consolídase como unha cita de referencia na comunidade.

O Concello de Sobrado lanza a súa listaxe de actividades deportivas



Dous nenos practicando baloncesto nun polideportivo. / Foto: iStock

O Concello de Sobrado lanza a súa listaxe de actividades deportivas para o próximo curso.

As actividades ofertadas son: fútbol sala, judo, natación, multideporte, pa-

tinaxe, bádminton, ximnasia de mantemento e pilates.

Para inscribirse hai de prazo ata o vindeiro mércores, 18 de setembro. As prazas cubriranse por rigo-

rosa orde de inscrición, tendo preferencia as persoas empadroadas en Sobrado. A maiores, coa solicitude debe presentarse o certificado bancario do número de conta no Rexistro da Administración municipal.

A ximnasia de mantemento realizarase nos locais sociais das diferentes parroquias (Pousada, Roade, A Ciadella, Carelle, As Cruces, Sobrado e Nogueira) cun prezo de 5 euros ao mes por persoa. As actividades de multideporte, patinaxe e bádminton son gratuítas. O fútbol sala ten un custe de 10 euros ao mes, o judo de 15 e a natación de 17 euros.

As prazas son limitadas para diversas actividades polo que é importante anotarse o antes posible para poder participar nas mesmas.

Herba Grileira abre o prazo para o novo curso



Alguns dos alumnos e alumnas de Herba Grileira. / Foto: Adolfo Álvarez

A Escola de Baile e Música Tradicional Herba Grileira, en Melide, abre o prazo para anotarse como alumnado no curso 2024 - 2025 en disciplinas como: gaita, canto e pandeireta, percusión, acordeón e baile tradicional.

O período de inscrición estará aberto ata o vindeiro 30 de setembro para comezar o novo curso no mes de outubro.

Nesta escola de baile e música tradicional acollen alumnado de todas as idades.

En outubro o teatro afeccionado volve ser o protagonista coa XII edición da iniciativa teatral "O teatro no camiño"

No mes de outubro o teatro afeccionado volve ser o protagonista en Melide grazas á XII edición da iniciativa "O teatro no camiño", organizada pola Asociación Cultural Charamela.

O Centro Sociocultural Mingos de Pita acollerá durante 4 semanas diversas obras representadas por actores e actrices afeccionadas. O público poderá desfrutar de balde de diversas obras.

O sábado 5 de outubro, inaugura esta convocatoria de "O teatro no camiño" a representación de "Criaturas" que corre a cargo do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira. Este conxunto teatral nace no ano 1998, froito do curso de Técnicas Teatrais impartido por Segundo Durán Guillán "Chiki" e promovido pola concellería de cultura, xuventude e festexos. A obra que representarán, "Criaturas", trátase dunha montaxe na que os nenos e nenas son os protagonistas. Non obstante, "isto non é un tratado de pedagogía, nin unha relación de recordos nostáxicos dos tempos da inocencia, senón que é unha selección de escenas que mostran a distancia que separa, ás veces, aos maiores dos raparigos coa visión particular da infancia e, por extensión, dos adultos que ofrecen os autores da obra", explica Mary Gómez, presidenta da Asociación Cultural Charamela.

Ao día seguinte, domingo 6, contarase coa presenza do grupo de Teatro da Asociación Cívico Cultural Terra de Outes que naceu en Xaneiro de 2023, despois dunha proposta de 2 persoas veciñas do concello para dinamizar a cultura do pobo mediante o teatro. Esta Asociación representará "Comedia Bífida", unha obra que versa sobre unha serie de xuízos celestiais co



ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA
XII Ciclo teatro afeccionado "O TEATRO NO CAMIÑO"




5 Outubro ás 21 h GRUPO MUNICIPAL DE TEATRO DE RIBEIRA
"Criaturas"

6 Outubro ás 20 h GRUPO DE TEATRO DA A.C.C. TERRA DE OUTES
"Comedia Bífida"

12 Outubro ás 21 h CLUB DE MAIORES DE BOQUEIXÓN
"Asuntos oscuros"

19 Outubro ás 21 h GRUPO DE TEATRO DO HOSPITAL DE LUGO
"As apariencias enganán"

26 Outubro ás 21 h ASOCIACIÓN CULTURAL CHARAMELA DE MELIDE
"Quen o diría!"

ORGANIZA  COLABORAN  

Cartel para promocionar o XII Ciclo teatro afeccionado "O teatro no camiño", organizado en Melide. / Foto: Charamela

eixo principal na lingua galega.

O 12 de outubro, o Club de Maiores de Boqueixón poñerá en escena a obra: "Asuntos oscuros". Este Club fundouse no ano 2005 co obxectivo principal de potenciar a actividade artística e cultural das persoas maiores.

O sábado 19, serán os membros do Grupo de Teatro do Hospital de Lugo os que se subirán ao escenario. Esta agrupación foi creada no vello Hospital

Xeral-Calde, no 1994 para aledar a vida dos enfermos e persoal de coidados transmitindo en directo, desde o Salón de Actos, pola canle de televisión circuíto pechado. A obra que representarán leva por título: "As apariencias enganán", na que se non nos quedamos nas apariencias, parece que todo nos levará cara ao mesmo sitio.

Para rematar esta XII edición do Ciclo de teatro afeccionado, o 26 de outubro serán os actores e

actrices da Asociación Cultural Charamela de Melide os encargados de entreter ao público. Esta Asociación melidense comezaba a súa andaina alá polo 2004 coa posta en escena de "Almas sinxelas" de Pedro Lameiro, para recadar fondos para a excursión de fin de curso dos cativos e cativas do Colexio Mestre Pastor Barral da localidade. Non obstante, non é ata o ano 2006 cando se converte en asociación cultural fundada e presidida, dende o seu ini-

cio, pola melidá Mary Gómez Neira.

Este grupo de afeccionados e afeccionadas ao teatro levan representadas máis de 35 obras por toda a xeografía galega. Un dato que amosa a ampla traxectoria desta asociación no eido do teatro afeccionado.

En Charamela, como grandes amantes da cultura, levan dende o 2012 organizando e celebrando o Ciclo de teatro afeccionado: "Teatro no Camiño", no que en cada edición actúan diferentes grupos de teatro de toda Galicia.

Entre as numerosas actividades realizadas pola Asociación destacan a colaboración co Concello de Melide coas alfombras de Corpus, na cabalgata dos Reis Magos e no Furelos en 1900, a participación na elaboración dos cabezudos e estandartes do Carme, entre outras moitas.

Ademais, esta agrupación recibiu varios recoñecementos como: a Medalla de Ouro do Concello de Melide no 2016, en recoñecemento do labor cultural que desempeña a través, entre outras actividades, do teatro; ou o Premio Comarcal á defensa do idioma galego, outorgado polo Servizo de Normalización Lingüística da localidade melidá no ano 2019.

Neste Ciclo de teatro afeccionado representarán a obra: "Quen o diría!", que trata dun home que quere cambiar a súa vida e convence aos seus dous mellores amigos para que fagan este cambio con el. Este home conségueo e os amigos involucran a unha persoa influente para que lles axude, levando ao público por situacións moi cómicas que farán que as persoas asistentes non paren de rir nin un só momento.

Todas as obras son aptas para todos os públicos.



Domingo 22
Área Recreativa de Barazón

PROGRAMA:
10:00h: Andaina
6,5km. Apto para carros, de baixa dificultade
12:00h: Almorzo
Lambetadas que nos ofrecen as mulleres rurais de Santiso
12:15h: Faladoiro
Calidade de vida no rural, saúde e deporte
13:00h: Actuación
Espectáculo de maxia co Mago Paco

Barazón
Encontro 17
2024 22/09
Calidade de vida no rural

BARAZON
CHOREN

Organizan e colaboran:
Concello de Santiso, Asoc. Veciñal O Noso Lar, Amurusa, Abeancos e Asoc. Cultural Banda - Música de Visantoña



 Concello de
TOQUES

Toques é natureza, patrimonio, cultura e harmonía

Achégate ao centro de Galicia e coñece o noso municipio e parroquias, quen vén sempre repite!

CARLOS LOUZAO, INTRES FOTOGRAFÍA

“O máis difícil para un fotógrafo é crear esa conexión coas persoas fotografadas”

- **Que servizo ofrecedes en Intres Fotografía?**

- **Carlos Louzao:** Principalmente, todo o relacionado coa fotografía e a enmarcación. Dende eventos, fotografía de produtos, deportes e ata moda. Logo, tamén ofrezco a enmarcación para dar o produto final ao consumidor.

- **Nesta era dixital, a xente segue imprimindo as fotos?**

- **C.L.:** Cando saíron os primeiros móbiles con cámara, a xente non imprimía as fotos porque xa as tiña no teléfono. Porén, os móbiles estráganse, tes que levalos a arranxar e cando volven perdiches todas as fotos. As imaxes son recordos dun momento, sexan boas ou malas, e é un fastío perdelas polo que a xente volve a decantarse por imprimilas.

- **O prezo da impresión encareceuse ou mantense polo momento?**

- **C.L.:** Precisamente ata fai pouco, o maior laboratorio que daba servizo aos fotógrafos profesionais de impresión anulou a súa liña profesional. Seguramente, haxa outros laboratorios que collan o relevo para ofrecer un mellor prezo para a clientela dos fotógrafos profesionais. Dende logo en Intres Fotografía traballaremos para ofrecer o prezo máis competitivo porque hai moitas persoas que imprimían 300 ou 400 fotos.

- **Contas con estudo fotográfico propio, que posibilidades para a clientela tes nel?**

- **C.L.:** Teño distintos escenarios e, dependendo da época do ano, vounos cambiando. Por exemplo, non é o mesmo escenario para unha comunión que para un bautizo ou para Nadal. Estes decorados mudámoslos tamén dun ano para outro, xa non só porque hai clien-



Carlos Louzao, responsable de Intres Fotografía, no seu estudo fotográfico en Melide. / Foto: Intres Fotografía

tes que veñen cada ano sacar fotos senón tamén polo profesional, para non sacar sempre as mesmas fotografías.

- **Que debe ter unha boa foto?**

- **C.L.:** A actitude do fotografado. É o máis difícil que podemos conseguir os fotógrafos porque é moi sinxelo facerte cun equipo bo, cun fondo bonito, levar a iluminación axeitada pero se o modelo non ten o día non vai saír unha boa foto. Isto non é culpa do protagonista senón do fotógrafo por non sacar toda a potencialidade do fotografado. De aquí a importancia da empatía co modelo. É importante falar previamente co fotografado e facerlle bromas para que se vaia soltando. No caso dos nenos nunca teño ningún problema porque son moi naturais. Hainos máis tranquilos e outros revoltosos, a estes últimos polos a xogar e sácaslle fotos e cos tranquilos podes intentar facer máis poses. O proble-

ma son os maiores porque intentamos poñer caras de circunstancia e non quedamos naturais, cousa que cos nenos non pasa. O máis difícil do fotógrafo é crear esa conexión co modelo.

- **Agora gústanos ter fotos profesionais en moitos momentos da nosa vida como: antes e despois da voda, durante o embarazo ou tamén polo Nadal.**

- **C.L.:** É unha tendencia comercial. Somos moitas as empresas que estamos medidos neste negocio, non só o fotógrafo tamén a tenda de roupa que vende o traxe para as fotos, o calzado, etc. Logo o tema de pre-voda e post-voda son tendencias que se importan de fóra e que despois agradeces porque son momentos que tes gardados para sempre. Non obstante, si creo que deberían ser máis naturais. Por exemplo: se os noivos se coñeceron nunha praia pois si que está ben sacar alí unhas fotos, pero ir a un lugar en

concreto sacar unhas fotos porque é a onde vai todo o mundo para nós ben porque nos dedicamos iso pero sempre che gusta máis cando hai un significado detrás e se emocionan. Isto pasa moito coa restauración de fotos antigas, ás veces tráenche fotos moi deterioradas dos avós ou dalgún familiar e cando llela presentas restaurada e enmarcada emocionanse.

- **Cambiou moito o mundo da fotografía?**

- **C.L.:** O que se fai agora podíase facer hai 30 ou 40 anos. O que cambiou moito é o volume de fotografías que se entregan. Do meu bautizo debo ter unhas 25 fotos e da miña comunión 5, actualmente veño entregando nestes eventos unhas 600 ou 700 entre fotos de estudo previas e do propio día. Este traballo non é só pulsar o botón para sacar a imaxe, logo hai que preparar esa foto no ordenador (axustar luces, sombras, contraste e cor), unha tare-

fa que non se ve e polo tanto tampouco se valora. A min gustaríame que en cada cerimonia que tivera todos os convidados tiveran un retrato bo. De cada persoas sacar 3 ou 4 para asegurar o traballo.

- **Por que nos custa sacar fotos a unha gran parte da poboación?**

- **C.L.:** O de sacar fotos é por vergonza e logo, eu teño a teoría, de que cando te miras ao espello veste invertido e non como realmente te ve a xente. Se xiras unha foto con efecto espello cambia moitísimo. Pola contra, a cámara mostra como te ven os demais.

- **Cal é o valor engadido de Intres Fotografía?**

- **C.L.:** Cando tes un incendio na casa o primeiro que salvadas son as fotos e a documentación. As fotos son recordos que, especialmente, en eventos e cerimonias non podes repetir. Pois eu quero que esa xente estea orgullosa das fotos que se sacaron ese día especial, que as miren con lembranza e cariño e que dentro de 40 anos os netos estean orgullosos de ensinar esas imaxes.

- **Iso tamén implica moita responsabilidade.**

- **C.L.:** Si, tes que sempre asegurar todo o que poidas asegurar. Por exemplo: as nosas cámaras teñen dobre tarxeta, polo tanto no propio momento de sacar as fotos xa teño unha copia de seguridade. Levo 2 cámaras por calquera erro que poida xurdir, fago copias de seguridade en varios sitios en canto chego á tenda. E logo, para asegurar o intre tes que ser profesional para saber capturar o momento.

Intres Fotografía

**Avenida de Toques, 2
Melide (A Coruña)**


**Tlf: 881 97 42 24
658 66 38 98**



CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

**NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA
MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE**



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- ✓ **Sonido claro y variado.**
- ✓ **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**

✓ **Tecnología recargable** (olvídense de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.

✓ **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**



E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

**Pedir
hora**

